

**RESOLUCIÓN do 28 de maio de 2018, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo unitario para cubrir 109 postos de auxiliares de policía local, convocados pola Orde de 22 de marzo de 2018.**

Na sesión que tivo lugar o día 28 de maio de 2018, o tribunal nomeado pola Orde de 22 de marzo de 2018 (DOG núm. 65, do 4 de abril), designado para xulgar o proceso selectivo unitario para a selección de 109 postos de auxiliares de policía local e a creación da lista de reserva de contratación para o ano 2018, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, unha vez rematada a proba de coñecementos, celebrada na Academia Galega de Seguridade Pública, en A Estrada, o pasado sábado 26 de maio, ACORDOU:

**PRIMEIRO.** Publicar, como anexo I a esta Resolución, a listaxe alfabética de persoas aspirantes que superaron a proba de coñecementos.

**SEGUNDO.** Recordar que as persoas declaradas aptas que non acreditaron o coñecemento da lingua galega están convocadas para a realización da proba de avaliación do coñecemento da lingua galega o día 30 de maio de 2018, ás 10:00 horas (chamamento), na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), Avenida de la Cultura, s/n. 36680, A Estrada.

**TERCEIRO.** As persoas aspirantes poderán efectuar alegación ás súas cualificacións en cada proba ou fase do proceso selectivo dentro dos cinco días seguintes á súa publicación, tal como se recolle na base 6.3.10. da convocatoria.

**CUARTO.** Contra esta resolución poderase interpoñer recurso administrativo ante o órgano competente conforme o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, tal como se recolle na base 6.3.8. da convocatoria.

A Estrada, 28 de maio de 2018.

Luis Míguez Macho

Presidente do tribunal